

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE MAIO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catorce de maio de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as catorce

horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 8 de maio de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Ganadería Res Carboentes S.C.

ANTECEDENTES

1. Don José Luis Ferreiro García, na representación da sociedade GANADERÍA RES CARBOENTES S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Carboentes, parroquia de Carboentes, solicitou con data 19 de abril de 2024

- (RE-E núm. 217) licenza municipal de obras para CONSTRUCCIÓN DE FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Carboentes, parroquia de Carboentes.
2. A citada sociedade foi constituída en documento público por escritura outorgada ante a notaria de Lalín Dona María Teresa Sancho Sánchez en data 25 de xuño de 2015 (protocolo núm. [REDACTED]) e está integrada por Don José Luis Ferreiro García (DNI núm. [REDACTED]) e Don Diego Ferreiro Maduro (DNI núm. [REDACTED]).
 3. Achégase proxecto técnico e anexos (visado colexial núm. [REDACTED], do 22/04/24 e anexos de datas 15/01/25 e 19/03/25), redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luis Lamas Carral.
 4. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de tres (3) anos.
 5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A fosa de xurro proxectada sitúase en terreos clasificados como “*solo rústico de protección agropecuaria*” polo PXOM en vigor.
4. Proxéctase a construción dunha fosa de xurro para unha explotación de vacún de leite existente. A fosa proxectada situarase nunha parcela na que non existen construcións previas

- e que é diferente a onde están situadas as edificacións da explotación de vacún á que vai dar servizo.
5. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de CENTO TRES MIL CENTO VINTE E CINCO EUROS (103.125,00 €).
 6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
 7. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
 8. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	██
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Ref ^o catastral das parcelas	36047A011300150000LO 36047A011300148000LK 36047A011300132000LH 36047A011300141000LQ (agrupadas ante notario)
Superficie da parcela	4.714 m ²
Uso autorizado	Fosa de xurro para explotación de vacún
Superficie ocupada en planta	375 m ²

9. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
10. Por Resolución de data 24 de xullo de 2024 do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

- en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. [REDACTED]).
11. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
 12. Figura no expediente escrito emitido, con data 9 de outubro de 2024, polo Servizo de Explotacións Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, polo que informa da non necesidade da emisión do informe solicitado.
 13. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 14. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 15. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
 16. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANADERÍA RES CARBOENTES S.C. licenza municipal de obras para CONSTRUCCIÓN DE FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Carboentes, parroquia de Carboentes, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexos (visado colexial núm. [REDACTED], do 22/04/24 e anexos de datas 15/01/25 e 19/03/25), redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luis Lamas Carral, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUS MIL SESENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (2.062,50 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CINCOCENTOS QUINCE EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (515,63 €).

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA DESTINADA AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de

execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 31 de xaneiro de 2025 (RE-E núm. 67), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	AVÍCOLA TECEDERAS S.L.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LALÍN
REPRESENTANTE	EFIGALIA ENERGY S.L.
CIF	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO EN EXPLOTACIÓN AVÍCOLA
LUGAR	PAREDES
PARROQUIA	ÁLCEME
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A111009470000LA
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Diego Mazaira Rodríguez, en data 13/01/25)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	12.680,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	ONCE (11) DÍAS
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 09/05/25)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN AVÍCOLA
CÓDIGO REAGA	██████████

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento

único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (253,60 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

4.- LICITACIÓN PÚBLICA PARA A ADXUDICACIÓN DUNHA LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL PARA A INSTALACIÓN DUNHA BARRA-BAR DURANTE A CELEBRACIÓN DA II EDICIÓN DO “SABOR LABREGO RODEIRO 2025”

I.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o municipio exercerá en todo caso

competencias propias en materia de ocupación do tempo libre, promoción da cultura e o turismo.

No ámbito de ditas competencias, o Concello vai organizar integramente a II Edición do “*Sabor Labrego Rodeiro 2025*” o vindeiro día 25 de maio do corrente. É tradicional que ademais das contratacións musicais e de índole sociocultural e/ou deportiva, calquera programa festivo se ofrezca á poboación servizos complementarios especialmente no recinto onde se levarán a cabo as actuacións musicais, e entre eles a explotación de unha Barra-Bar onde realizar as consumicións mentres gozan da música e o baile.

Por outra banda, o Concello precisa incorporar ás súas arcas todas aquelas achegas económicas que lle axuden a sufragar os gastos que unha iniciativa como esta xera, e que non poden ser só asumidas con cargo ao erario público, polo que o feito de utilizar o rendemento que nos permite o uso do dominio público, convérsese nunha importante aportación ao presuposto deste evento.

Considérase, en consecuencia, acorde co interese público que o Concello licite a licenza administrativa para a instalación de unha Barra-Bar durante a celebración da II Edición do “*Sabor Labrego Rodeiro 2025*”.

II.- TRAMITACIÓN

En razón do establecido nos artigos 84 e seguintes da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas (en diante LPAP) e do artigo 77 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de Bens das Entidades Locais (en diante RBEL), a licitación realizarse mediante concorrencia, ao ter a concesión a natureza xurídica de uso común especial de bens de dominio público, conforme ao establecido no artigo 75.1 b) do RBEL e 85.2 da LPAP.

Propónse a tramitación urxente por mor do limitado período temporal existente antes da celebración do evento.

III.- CRITERIO DE ADXUDICACIÓN

Establécese o seguinte único criterio de adxudicación: o maior prezo ofertado, a partir dun mínimo de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €), IVE incluído. A adxudicación outorgarase ao/á candidato/a que, cumprindo os requisitos

establecidos, oferte un maior prezo pola explotación da barra-bar.

IV.- INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Esta Administración carece dos medios humanos para executar a prestación do servizo xa que non se trata dunha actividade habitual da administración e os servizos de hostalería non se atopan ligados ao xiro ou tráfico da Administración Pública.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a licitación pública para a adxudicación dunha licenza de uso común especial para a instalación dunha barra-bar durante a celebración da II Edición do “*Sabor Labrego Rodeiro 2025*”, mediante procedemento aberto en tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas que rexerán a licitación.

Terceiro.- Publicar o correspondente anuncio de licitación a través do Perfil do Contratante do Concello.

5.- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A EXCLUSIÓN DEFINITIVA DE INTEGRANTE DA BOLSA DE CONTRATACIÓN PARA POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 23 de decembro de 2024, procedeuse á contratación laboral fixa de doce (12) prazas de auxiliares do SAF incluídas na Oferta de Emprego Público excepcional da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29/12/21).

2º.- No dito acordo procedeuse asemade, nos termos previstos na DA 4ª.2 da citada Lei 20/2021 e na Base décimo terceira do proceso selectivo, á formación dunha bolsa de contratación co persoal que tendo participado nos

procesos selectivos non obtivera praza. En dita circunstancia figuraba, entre outras, a candidata Dona [REDACTED], con DNI núm. [REDACTED].

3º.- O Concello vén ofertando a dita candidata diferentes contratacións temporais para a substitución das traballadoras integrantes do cadro de persoal municipal por mor do goce de vacacións, permisos laborais, ou en situación de baixa laboral por incapacidade temporal.

4º.- Porén, o desempeño do traballo por parte de dita traballadora resulta altamente deficiente, negándose reiteradamente a realizar as funcións encomendadas polo Departamento municipal de Servizos Sociais e que integran o programa individual de atención (PIA) e o concreto proxecto de intervención dos/as usuarios/as dependentes aos que debe prestar servizo. Constan numerosas queixas tanto verbais como por escrito por parte de usuarios/as afectados (MAVR, IECC, ARH), feitos corroborados polo informe emitido polos Servizos Sociais municipais en data 15/02/25.

5º.- A situación descrita de grave desatención ás súas obrigas por parte da traballadora está a violentar os dereitos dos/as usuarios/as que, pola súa condición de dependentes, se atopan nunha situación de grave vulnerabilidade por non lle ser prestados os coidados e atencións aos que teñen dereito por quen ten a obriga de atendelos. A propia Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar (BOP núm. 250, do 30/12/15) establece como dereitos das persoas usuarias *“A recibiren unha atención individualizada e adaptada as súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso”* e *“á calidade dos servizos recibidos”* (artigo 8, parágrafos 3 e 10).

6º.- A limitación temporal dos contratos anteriormente subscritos coa traballadora non permitiron ao Concello a tramitación dun expediente de despedido disciplinario polos presuntos incumprimentos contractuais sinalados no artigo 54.2 b) e e) do Estatuto dos Traballadores. Porén, o seu dereito a ser chamada a futuras contratacións como integrante dunha bolsa de emprego non pode primar sobre a obriga municipal de garantir o benestar e unha atención axeitada aos/ás dependentes.

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Incoar expediente para a exclusión definitiva de Dona [REDACTED] como integrante da bolsa de contratación para postos de traballo de auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Segundo.- Poñer a disposición da interesada a documentación integrante do expediente e concederlle trámite de audiencia, polo prazo de dez días contados a partires do seguinte ao da notificación do presente acordo, para que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

6.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA

A existencia de horas dispoñibles no SAF, modalidade de libre concorrancia, permite acordar unha nova alta. Segundo a Ordenanza en vigor correspóndelle acceder ao servizo a Don Carlos González Amorín, dado que se atopa incluído asemade na lista de agarda do Programa de Asignación de Recursos (PAR) da Lei de Dependencia.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co informe-proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández en data 09/05/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Dispoñer a alta na prestación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), modalidade de libre concorrancia, do usuario que deseguido se relaciona:

NOME E APELIDOS: Carlos González Amorín

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar da Fervenza, parroquia de Camba

FINANCIAMENTO DO SERVIZO: 1,44 €/hora

7.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Laura Eiriz Sobrado, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no

fogar, ten solicitado o goce das vacacións pendentes dos anos 2023 e 2024 que non puido gozar por estar daquela en situación de baixa laboral por incapacidade temporal (IT). Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Departamento de Servizos Sociais, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ MARINETE DO AMARAL JOSÉ, con DNI núm. [REDACTED] a tempo parcial (31,15 horas/semana), entre os días 15 de maio e 23 de xullo

de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Laura Eiriz Sobrado.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- ACORDO DE GASTO

Vista a instancia presentada por Dona MARÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, con DNI núm. [REDACTED] veciña do lugar de Paredes, parroquia de Álceme (RE núm. 688, do 09/05/25), pola que solicita que se lle indemnicen os danos padecidos no vehículo da súa propiedade marca AUDI, modelo A6 e matrícula 8483CFD, que aconteceron o pasado día 29 de xaneiro do corrente por mor do estado deficiente da estrada municipal que une os lugares de Rañestras e Carboentes.

Tralas pescudas oportunas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, recoñece a responsabilidade municipal nos danos expostos e tendo en conta que a contía reclamada é inferior á franquía do seguro de RC contratado polo Concello, acorda aprobar un gasto por importe de DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (250,00 €) a favor da propietaria do vehículo danado, segundo factura de reparación achegada.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 634,25 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 25A/609 e 25A/608 (FACe).
- TELFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 112,89 € E 404,41 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7H70001482 e TA7H70001483 (FACe).

- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 19,00 €, 0,00 € E 1,50 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-E5M0-068055, 28-E5DD-050368 e 28-E5U1-081774 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 551,98 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202519900020003450 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 577,38 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 630 (FACe).
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 1.815,00 €
Honorarios por confección de anteproxecto de “*Equipamento da zona de exposición do Centro Cultural Municipal Manuel Lamazares*”, s/factura núm. 2025/33 (FACe).
- PREVISONOR S.L. 1.611,85 €
Por contrato anual de prevención técnica, s/factura núm. P25/05/0983.
- SOCISER GALICIA S.L.U. 2.481,52 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de abril de 2025, s/factura núm. A/55 (FACe).
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.495,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2025*” no mes de abril de 2025, s/factura núm. 0025/0000013 (FACe).
- ADRIÁN PÉREZ PORTELA 4.967,05 €
Por diversos traballos de reparación de filtracións de auga no pavillón polideportivo e no ximnasio municipal, s/factura núm. A/11.
- COSAPLAG S.L.U. 1.822,18 €
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20251898 (FACe).

- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 848,29 €
Por subministro de zahorra e grava para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000305 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 203,28 €
Por traballos de confección de nóminas no mes de marzo de 2025, s/factura núm. 761 (FACe).
- PRIMO LALÍN S.L. 272,73 €
Por subministro de diverso material de construción, s/factura núm. 2025-04/00000176 (FACe).
- ARMANDO BARCALA DE LA FUENTE 179,69 €
Por aluguer de furgoneta, s/factura núm. 25022951 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo catorce horas vinte e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)